

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE SANTA MARÍAS A FONSGRADA

CURSO: 5º DE PRIMARIA

MATERIA: MATEMÁTICAS

DATA: MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, realizar cálculos numéricos, resolver problemas e presentar resultados.	MTB1.4.1. Toma decisións nos procesos de resolucións de problemas valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.
B2.18. Propiedades das operacións e relacións entre elas utilizando números naturais.	MTB2.4.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas.
B2.34. Resolución de problemas da vida cotiá.	MTB2.7.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.
B3.3. Estimación de lonxitudes, capacidades, masas e superficies de obxectos e espazos coñecidos; elección da unidade e dos instrumentos máis axeitados	MTB3.1.1. Estima lonxitudes, capacidades, masas e superficies; elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada.
B3.8. Unidades de medida do tempo e as súas relación.	MTB3.3.1. Realiza equivalencias e transformacións entre horas, minutos e segundos.
B3.14. Resolución de problemas de medida.	MTB3.5.1. Resolve problemas de medida, utilizando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios...), creando conxecturas, construindo, argumentando... e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización.
B4.2. Ángulos en distintas posicións: consecutivos, adxacentes, opostos polo vértice...	MTB4.1.1. Identifica e representa ángulos en diferentes posicións: consecutivos, adxacentes, opostos polo vértice...

B4.3. Sistema de coordenadas cartesianas. Descripción de posicións e movementos.	MTB4.1.2. Traza unha figura plana simétrica doutra respecto dun eixe.
B4.5. Formas planas e espaciais: figuras planas: elementos, relación e clasificación.	MTB4.2.2. Aplica os conceptos de perímetro e superficie de figuras para a realización de cálculos sobre planos e espazos reais e para interpretar situacións da vida diaria.
B4.10. Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá.	MTB4.4.1. Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados, utilizando estratexias heurísticas de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construindo, argumentando, e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Actividades escritas e traballos individuais realizados a través da plataforma Edixgal.</li> <li>– Farase un seguimento diario do traballo realizado polos alumnos e alumnas.</li> <li>– Valorarase a calidade das tarefas así como a súa entrega nas datas sinaladas.</li> <li>– Premiarase a actitude positiva , a mostra de interese e o esforzo na realización das actividades.</li> </ul>
	<p><b>Instrumentos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Plataforma EDIXGAL.</li> <li>– Caderno de clase, traballos realizados.</li> <li>– Aplicación Tokapp School.</li> <li>– Correo electrónico.</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>A nota da avaliación ordinaria obterase da seguinte maneira:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Nota media da 1ª, 2ª e 3ª avaliación.</li> <li>– Os resultados da 3ª avaliación sempre sumarán. O máximo que poderán sumar será un 20 % sobre as outras dúas avaliacións.</li> </ul>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	Non procede.
<b>Avaliación de materia pendentes</b>	<p><b>Criterios de avaliación:</b></p> <p>O alumnado cunha cualificación negativa na 1ª e/ou na 2ª avaliación, realiza tarefas propostas de reforzo para afianzar os contidos xa traballados.</p>
	<p><b>Criterios de cualificación:</b></p> <p>O alumnado poderá subir a nota das avaliacións anteriores sempre e cando cumpra as seguintes condicións:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Interese e actitude positiva no traballo diario</li> <li>– Realización das tarefas encomendadas.</li> <li>– Entrega das actividades no prazo indicado.</li> <li>– Calidade das tarefas.</li> <li>– Comprensión dos contidos traballados..</li> <li>– Aplicación das correccións recibidas do traballo realizado.</li> </ul>
	<p><b>Procedementos e instrumentos de avaliación:</b></p> <p>Os procedementos e instrumentos para levar a cabo a avaliación serán o</p>

análise dos traballos realizados, que o alumnado enviará a súa profesora, cando esta o indique.

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

<b>Actividades</b>	<p>As actividades que se realizarán co alumnado serán as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>– de recuperación de contidos non asimilados nas dúas primeiras avaliacións.</li><li>– de repaso de contidos traballados ao longo deste curso no 1º e 2º trimestre .</li><li>– de reforzo dos contidos traballados ao longo do curso de forma presencial.</li><li>– de ampliación: de concepto xa traballados e outros que sexan motivadores para o alumnado.</li></ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	<p>Comunicación diaria co alumnado para explicar e propoñer as actividades a realizar.</p> <p>Faise un seguimento das tarefas realizadas polos nenos e nenas, acláranse todas as dúbidas que surxen , unhas veces en grupo e outras de forma persoal.</p> <p>A maioría dos alumnos e alumnas teñen conectividade polo que poden visualizar as tarefas encomendadas a través da plataforma edixgal .</p> <p>Realizan actividades interactivas como visualización de vídeos educativos, xogos interactivos, actividades lúdicas ....</p> <p>No caso dalgún alumno que non dispón de boa conexión, as actividades son achegadas a través da plataforma Tokapp School e por vía telefónica.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>– Enlaces a páxinas web, vídeos, contos, imaxes.</li><li>– Recursos interactivos en liña.</li><li>– Plataforma Edixgal.</li><li>– Caderno de clase.</li><li>– Fichas.</li><li>– Ordenador.</li></ul>

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Empréganse varias canles para comunicarse co alumnado e as familias: <ul style="list-style-type: none"><li>– Plataforma edixgal</li><li>– Aplicación Tokapp School.</li><li>– Correo electrónico.</li><li>– Chamadas telefónicas.</li><li>– Abalar móbil.</li><li>– Páxina web do Centro.</li></ul>
<b>Publicidade</b>	Este documento estará publicado na web do centro á disposición da comunidade educativa. <a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantamariafonsagrada/">https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantamariafonsagrada/</a>